

DECRETO NÚMERO 15007472 DO 18/09/2015

Ilma. Sra. D^a. M^a del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo á autorización de instalación de atraccións en parcelas desertas existentes no recinto feiral de San Froilán 2015.

Vistos os escritos de renuncia dos adxudicatarios Pedro Pablo Yusta Gómez e Laura Deán González. Así como o informe do Comisario do Feiral expresivo da existencia de parcelas libres.

E tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno de data 8 de agosto de 2012 polo que se aproban as bases técnicas e administrativas que rexen o concurso público para a autorización da instalación de atraccións no recinto feiral así como o dictame favorable da Comisión de Festas de data 15 de setembro de 2015.

E, en uso das competencias outorgadas pola Xunta de Goberno Local o día 19 de agosto de 2015,

RESOLVO:

1º.- Aceptar as renunciadas presentadas por don Pedro Pablo Yusta Gómez e Laura Deán González.

2º.- Abrir un novo período de presentación de ofertas para a ocupación das parcelas cos prezos e medidas que seguidamente se relacionan

SITUACIÓN	ATRACCIÓN	PREZO	MEDIDAS
Lonxa do Pavillón 93	Carrusel	430,00 €/ml	15x16
Lonxa do Pavillón 96	Carrusel	6.600,00 €	d=15 ou 16x12
Lonxa do Pavillón 95	Carrusel	18.500,00 €	42x19
Bancal Intermedio 83	Carrusel/Espectáculo	240,00 €/ml	7x6
García Portela 75	Habilidade	230,00 €/ml	9x3
Rguez. Mourelo 17	Stand	1.000,00	3,2x2,1
Rguez. Mourelo 51	Stand	1.000,00	3,2x2,1
Costas do Parque 88	Mesa de Venda	95,00 €/ml	10x1,75
Costas do Parque 89	Mesa de Venda	95,00 €/ml	6x1,75
Costas do Parque 90	Mesa de Venda	95,00 €/ml	7x1,75
Costas do Parque 91	Mesa de Venda	95,00 €/ml	7x1,75

O período de vixencia da autorización será unicamente para o ano 2015, dende o 2 ó 12 de outubro.

3º.- O prazo de presentación de ofertas será do 21 ó 28 de setembro.

CULTURA

MGL/cal

Refª: 1442573451586.doc

Asunto: concurso adxudicación de terreo no recinto feiral de San Froilán 2015

4º.- Dar publicidade da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo e no taboleiro municipal de anuncios.

Asi mesmo déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.
Cúmprase